



CUARTO INFORME

Observatorio de Machismo Dixital

Radiografía da violencia machista dixital na prensa galega

Radiografía da violencia machista dixital na prensa galega

Índice

— Introdución	<i>03</i>
Por que observarmos os medios?	<i>04</i>
— Metodoloxía	<i>05</i>
— Primeiras ideas: para desenvolver nos seguintes capítulos	<i>06</i>
— A violencia machista, estado da cuestión	<i>07</i>
— Que din os datos? Unha análise en sete ideas	<i>12</i>
— Conclusiones	<i>21</i>
— Algunhas recomendacións para loitar contra a ciberviolencia	<i>23</i>
— Anexo 1: táboa de artigos analizados	<i>27</i>
— Bibliografía	<i>53</i>

*Stop
Machitroles*



Introdución

Nas seguintes páxinas atopamos o cuarto informe do Observatorio Stop Machitroles, centrado na análise da violencia machista dixital na prensa galega. Un traballo que se leva a cabo dende 2021, a través da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e da Deputación de Pontevedra.

Nesta edición, a cuarta consecutiva do devandito informe, téntase manter unha metodoloxía semellante ás dúas edicións anteriores, co obxectivo de realizar unha análise comparativa da representación mediática da ciberviolencia machista.

Este é un traballo relevante porque permite ampliar as bases da investigación feminista. A continuidade na investigación contribúe a consolidar referentes na análise mediática das violencias de xénero. En definitiva, apoia o obxectivo final de construír un coñecemento científico e tecer unha rede sólida de investigación con perspectiva de xénero, neste caso sobre a representación mediática das violencias contra as mulleres.

E por que observar os medios?

Por unha banda, os medios de comunicación son piares da nosa sociedade. Historicamente considerados como o cuarto poder, desempeñan un papel fundamental como creadores de discurso, pensamento e ideoloxía. As decisións mediáticas sobre os contidos relevantes, a orde da información e a escolla das palabras e ideas que cómpre destacar constrúen marcos de interpretación para o público e, polo tanto, determinan o que é importante debater e como facelo. De feito, os medios de comunicación foron, e seguen a ser, quen, a través de titulares tendenciosos ou inapropiados, nalgúns casos, reproducen unha mirada machista da realidade social.

Por outra banda, ante o auxe dos contornos dixitais e das plataformas sociais en liña, este poder parece algo máis diluído, xa que comparte un obxectivo: construír realidades e relatos. As redes sociais democratizan o acceso á información, dan voz a sectores marxidados no espazo público, pero tamén supoñen perigos, especialmente porque son un espazo de socialización moi amplo, onde a misoxinia circula coa convivencia dos propietarios das plataformas dixitais. Estes perigos inclúen as infinitas posibilidades de reproducir estereotipos de xénero e de exercer violencia, mediante a divulgación de discursos de odio ou comportamentos de acoso.

En palabras de Tojo (2023), «os dispositivos biopolíticos da dixitalización exercen o disciplinamento a través de mecanismos complexos e dispersos». Esta idea foi amplamente explicada polas compañeiras da Asociación de Xornalistas Galegas no seu traballo sobre os medios como (re)produtores de ciberviolencia simbólica. Tal e como afirma Marga Tojo (2023), «o discurso mediático produce e reproduce a ciberviolencia» e «participa na persistencia do status en termos de xénero».

Por iso, neste informe, tamén poñemos o foco en como os medios tradicionais, aínda que nas súas versións en liña, tratan estas redes sociais e as violencias que nelas se desenvolven.

En definitiva, é necesario analizar as plataformas de difusión de discursos e sacar conclusións sobre o que está presente no panorama mediático: nas portadas, nos titulares, pero tamén sobre o que xera clics e gústames que se comparte. Porque aquilo do que non se fala, non existe.

Metodoloxía

O presente traballo escolma e analiza as noticias de prensa relacionadas coa violencia machista no ámbito dixital. Tómase como fonte os xornais dixitais da prensa galega (*La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego*, *Atlántico Diario*, *Diario de Pontevedra*, *El Progreso de Lugo* e *La Región de Ourense*), así como o principal diario de tirada estatal (*El País*). O período temporal seleccionado abrangue dende outubro de 2022 ata setembro de 2024, ambos incluídos.

A metodoloxía para acoutar a información é mixta: cuantitativa e cualitativa. Por unha banda, realizouse unha escolma de artigos empregando «palabras clave» e creouse unha base de datos cos eles. Recóllense todas as noticias relevantes que inclúen os seguintes termos: ciberacoso, acoso dixital, violencia machista dixital, machismo dixital, ameazas dixitais, violencia dixital, noticias falsas, redes sociais, manófera, pornografía, OnlyFans e intelixencia artificial, cuantificando deste xeito un obxecto de estudo acoutado e delimitado.

Ademais, as noticias seleccionadas fítranse segundo comuniquen unha violencia machista dixital ou unha acción para combatela. Dentro de cada unha destas categorías, adoptamos unha listaxe de subcategorías. A violencia pode clasificarse como (1) violencia por razón de sexo ou xénero, (2) violencia contra mulleres con presenza pública ou (3) violencia misóxina organizada, coñecida como manófera. Pola súa banda, as accións para combatela divídense en (1) accións de prevención, (2) informes, (3) activismo e (4) lexislación.

Por outra banda, este traballo ten un compoñente cualitativo, xa que na análise dos datos recollidos non se teñen en conta só os resultados numéricos, senón que se emprega unha base cualitativa sustentada na epistemoloxía dos estudos de xénero para interpretar os datos, tendo en conta o contexto social e estrutural para extraer as conclusións do informe.

Este traballo propón unha reflexión xeral sobre a cobertura dos medios de comunicación dun tema concreto: as ciberviolencias de xénero. Con todo, para chegar a conclusións claras desta observación, é imprescindible a análise contextual da que non aparece na base de datos. En definitiva, as ausencias e as carencias de información sobre determinadas cuestións nos medios constitúen unha parte fundamental deste informe.

Primeiras ideas: para desenvolver nos seguintes capítulos

Antes de entrar en detalle en cada gráfica de resultados, e tendo como base as conclusións dos dous informes anteriores, pódense extraer algunhas ideas xerais deste traballo de investigación. Aínda que todas se analizarán en profundidade ao longo das próximas páxinas, aquí van algúns puntos clave:

- Hai un menor número de noticias que cumpren os criterios de busca definidos. Polo tanto, hai unha menor cantidade de novas sobre ciberviolencias sexistas.
- Continúa a tendencia expresada no terceiro informe dun aumento das noticias sobre a influencia da intelixencia artificial como forma de violencia e acoso a nenas e mulleres, especialmente vinculado á pornografía dixital.
- Seguen a ser maioría as noticias que tratan violencia sexual ou ciberacoso por razón de sexo ou xénero, ademais dos casos de pornografía.
- Percíbese unha menor incidencia de noticias sobre casos mediáticos de acoso reiterado a mulleres con presenza pública ao longo do ano, aínda que hai casos virais, como os acontecidos durante as olimpíadas.
- As accións legislativas e de prevención ocupan a maior parte das novas dentro da categoría de accións para combater a violencia. Con todo, a cobertura destas accións resulta insuficiente.

A violencia machista: estado da cuestión

Cando falamos de ciberacoso ou ciberviolencia cómpre recordar que este se pode articular dentro de violencias específicas e que tamén interseccionen. No noso informe atendemos ao ciberacoso machista ou á ciberviolencia contra as mulleres. Falamos, polo tanto, de todos os actos violentos que se dirixen ás mulleres e ás nenas polo feito de ser mulleres, no ciberespazo ou a través de canles dixitais.

É dicir, trátase dunha violencia que se reproduce nun contexto estrutural de desigualdades de xénero. E isto cómpre telo presente ao longo de toda esta análise.

Aínda que non estea de maneira explícita dentro da recollida de novas deste informe, é importante manifestar que durante a fase de documentación, e pescuda de novas nos xornais, é moi significativo o número de novas que atinxen a outras formas de violencia de xénero.

Por desgraza, estas formas de violencia machista son moito máis comúns nos principais medios de comunicación. A pesar de que non están cuantificadas nestas páxinas, a súa presenza é substancialmente representativa do contexto de violencia de xénero estrutural que aínda vertebra a nosa sociedade.

As violencias reproducense porque contan cun sustento. No caso da violencia machista, ese sustento é a estrutura social patriarcal na que se fundamenta a nosa sociedade. A pesar dos avances conseguidos ao longo da historia, a orde sociopolítica do mundo que habitamos parte dun sistema con xerarquías e eixes de opresión diversos. Un destes eixes de opresión é o xénero, que é o foco deste traballo.

Por este mesmo motivo, consideramos clave facer un breve estado da cuestión da violencia machista e de xénero, en todas as súas formas, no territorio.

- Segundo a [Macroenquisa de violencia contra a muller de 2019](#), máis da metade (57,3 %) das mulleres residentes en España maiores de 16 anos sufriron algún tipo de violencia machista ao longo da súa vida.
- Entre xaneiro e febreiro de 2024 foron asasinadas 35 mulleres por violencia machista e 24 nenos quedaron orfos. Un total de **1279 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas e ex-parellas dende 2003** ([Ministerio de Igualdade](#)). Do total de asasinatos machistas, 68 foron contabilizados nas catro provincias galegas.
- Durante o ano **2023 perpetráronse en Galicia 5499 feitos graves de violencia machista**. Un 4,5 % do total do estado, que se contabilizaron en 123 452. Dentro destes feitos graves inclúense o homicidio, as agresións e os delitos contra a liberdade sexual, por exemplo.
- [E con respecto ao total de denuncias, foron rexistradas 199 282 denuncias por violencia machista](#) no Estado español, cun aumento do 9,46 % con respecto ao ano anterior: **546 denuncias diarias**. E cunha taxa histórica anual de porcentaxe de sentencias condenatorias dun 80,64 %.
- Os **delitos sexuais aumentaron un 14,8 % dende 2022**. Un total de 21 825 denunciados en 2023, dos cales un de cada cinco son violacións. E o 42 % deste delitos sexuais denunciados en 2023 foron a menores.
- A Universitat de Barcelona elaboraba un estudo en 2021 sobre violencia sexual en España, que estimaba que no estado se dan aproximadamente **400 000 incidentes de violencia sexual** ao ano, dos cales un 25 % (100 000) serían a menores. E do resto un 85 % a mulleres adultas.

De que falamos cando falamos de ciberviolencia contra as mulleres?

Tomamos como referencia a definición da [Unesco](#), que define a violencia de xénero facilitada pola tecnoloxía como «todo acto cometido, asistido, agravado ou amplificado polo uso das tecnoloxías da información e comunicación ou outras ferramentas dixitais que teña ou poida ter como resultado un dano físico, psicolóxico, social, político ou económico ou outras violacións de dereitos e liberdades. Trátase de formas de violencia dirixidas contra mulleres polo feito de ser mulleres ou que afectan ás mulleres de forma desproporcionada».

Segundo o informe da Unesco [«Your opinion doesn't matter, anyway» Exposing Technology-Facilitated Gender-Based Violence in an Era of Generative AI](#), a violencia de xénero facilitada pola tecnoloxía nas redes sociais acostuma a comezar co ciberacoso (empregada un 66 % das veces como táctica) e pode exacerbarse coa axuda proporcionada polos modelos de acoso xeradas pola intelixencia artificial (IA).

Por outra banda, seguindo o [informe sobre ciberviolencia da Fundación Atenea](#),¹ falamos de ciberviolencia con perspectiva de xénero. Polo tanto, referímonos a un tipo de violencia que se exerce en relación cos estereotipos e roles de xénero e no odio contra as mulleres.

Porque o ciberespazo, como lugar de violencia contra as mulleres, responde a un mecanismo de control social dentro dun sistema que valora de maneira desigual homes e mulleres, que se sustenta nunha aprendizaxe mediante o proceso de socialización diferenciada, onde os roles de xénero son diferentes e excluíntes.

No caso da **ciberviolencia machista**, sufriu un crecemento nos últimos anos. Os datos do último eurobarómetro (2022) confirman que un 16 % das mulleres (entrevistadas) da Unión Europea coñece outra muller que experimentou ciberviolencia de xénero.

¹ fundacionatenea.org/wp-content/uploads/2023/11/proyecto-03-informe-Ciberviolencia-desde-la-PG.pdf

Segundo os datos da [Unesco](#), tras unha enquisa de máis de 18 mil persoas en 2023 de 18 países, estimaban que o 58,5 % das mulleres novas e nenas de todo o mundo sufriran acoso en liña ou plataformas sociais.

Segundo os datos do [Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación dixital \(2022\)](#), máis dun 25 % das mulleres entre 16 e 25 anos recibiron nalgún momento insinuacións inapropiadas, a través das redes sociais. E os delitos de contacto –en liña– con menores de 16 anos con fins sexuais multiplicouse por cinco nunha década.

O [estudo elaborado en 2022 polo Instituto de Mulleres](#)² expuña que o 80 % das mulleres novas entre 16 e 24 anos sufriran acoso cibernético dalgún tipo e un 66 % acoso afectivo-sexual en liña.

Segundo os datos do informe anual da [Asociación Stop Violencia de Género Digital](#), en Galicia un total de 242 vítimas de violencia dixital foron atendidas pola entidade en 2023, dun total de 3249 vítimas en todo o estado. De feito, no último informe desta entidade alertan dun aumento significativo dos casos de violencia de xénero dixital, especialmente no contorno das relacións de parella.

Segundo os datos do Ministerio de Interior, [as denuncias por divulgación de imaxes sen consentimento pasaron de 1691 en 2018 a 4460 en 2023](#).³ Sen contar que a maior parte de persoas, mulleres e nenas, que sofren esta violencia non o fan público e, polo tanto, non queda rexistro.

No informe elaborado por [Kaspersky «La verdad al desnudo»](#)⁴ expoñen que os casos de «sextorsión» son cada vez máis frecuentes. De feito, case a metade das persoas enquisadas pola organización Censuswide en España para elaborar o citado informe coñece alguén que experimentou abusos con fotos íntimas. Unha cifra que chega ao 77 % no caso da xeración entre 16 e 24 anos.

² inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaEstudiosInvestigacion/docs/Estudios/Mujeres_jovenes_y_acoso_en_redes_sociales.pdf

³ elpais.com/tecnologia/2024-09-05/te-he-enviado-un-desnudo-ahora-te-toca-a-ti-radiografia-de-la-extorsion-y-venganza-con-imagenes-sexuales.html

⁴ media.kasperskydaily.com/wp-content/uploads/sites/88/2024/07/29104016/La-Verdad-al-Desnudo-informe-de-Kaspersky.pdf

Xa nun espectro máis amplo, en 2020, [nun estudo da ONG Plan International](#),⁵ revelábase que un 58 % das nenas e rapazas novas sufriran algún tipo de acoso en liña.

Con respecto ás mulleres con perfil público –dende xornalistas, políticas ou defensoras de dereitos humanos–, os índices de violencia aumenta. Segundo a Unesco (2020), un 73 % das xornalistas sufriran violencia en liña mentres realizaban o seu traballo.

Ligado con isto e coas consecuencias directas do acoso dixital ás mulleres, [Amnistía Internacional](#) expón que un 76 % das mulleres cambiou a forma de uso das redes sociais, tras experimentar acoso cibernético e un 32 % publicar opinións sobre temas concretos.

Cómpre recordar, ademais, que a violencia ten un impacto psicolóxico, social e económico non só nas vítimas, senón no seu contorno social. Segundo datos do [Parlamento europeo](#),⁶ estímase as consecuencias económicas da ciberviolencia entre 49 000 e 89 300 millóns de euros.

Tal e como explica [Gómez Suárez \(2024\)](#), na rede que está en mans de grandes corporacións reproducense estereotipos e políticas de xénero de varias formas, mediante a permisividade e a complicidade cara á violencia dixital masiva, mediante a total tolerancia no acceso infantil a contido pornográfico e, por último, coa transixencia e complicidade ante a misoxinia dixital organizada ou manófera (García Mingo e Díaz Fernández, 2023; Juárez e Toff, 2022; García Mingo, Díaz Fernández e Tomás-Forte, 2022).

⁵ plan-international.org/publications/free-to-be-online/

⁶ [europarl.europa.eu/thinktank/en/document/EPRS_STU\(2021\)662621](https://europarl.europa.eu/thinktank/en/document/EPRS_STU(2021)662621)

Que din os datos? Unha análise en sete ideas

Coa metodoloxía anteriormente descrita, fíxose unha recollida de artigos e de pezas xornalísticas nos diarios galegos *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Atlántico Diario*, *El Correo Gallego*, *La Región de Ourense*, *El Progreso Lugo* e *El País*.

O total de artigos escollidos cos criterios de busca foron 238, dos cales un 60,9 % (146) foron sobre violencias e o 39,1 % restante (93) foron accións para combatelas. É importante recalcar de novo que, no proceso de busca, moitas pezas xornalísticas quedaron excluídas por falaren de violencias machistas, mais fóra do contorno da ciberviolencia, violencia dixital ou pornografía.




Gráfico 1. Artigos totais da mostra segundo as tipoloxías de violencias e accións

Respecto á subcategorización das pezas analizadas, podemos desagregalas da seguinte maneira: por unha banda, dentro das violencias, diferenciamos as dirixidas a menores (47), por motivos de sexo/xénero (56), a mulleres pola súa presenza pública (9) e as que se poden englobar nunha violencia producida na manosfera (29).




Gráfico 2. Datos detallados das subcategorías dentro dos artigos englobados en violencias

As pezas que engloban **accións para combater as ciberviolencias de xénero** foron un total de 93 repartidas en prevención (31), lexislación (24), activismo(21) e informes (11).




Gráfico 3. Datos detallados das subcategorías dentro dos artigos englobados en accións para combater as violencias

Por outra banda, é importante coñecer a **porcentaxe de publicacións en cada un dos medios**.

O volume de artigos relacionados coa temática analizada (ciberviolencia de xénero) en cada un dos xornais permítenos coñecer a relevancia desta temática na axenda setting dos medios. Os datos obtidos colocan a *La Voz de Galicia* (92) e *Faro de Vigo* (68) como diarios con maior número de artigos seleccionados, seguidos de *El País* (35) e a moita distancia todos os diarios de tirada local: *Atlántico Diario* (9), *Diario de Pontevedra* (6), *La Región de Ourense* (9), *El Progreso de Lugo* (11) e *El Correo Gallego*. Estes xornais teñen unha mostra moi limitada de artigos nos que se fale de violencias dixitais, de xénero e de pornografía e intelixencia artificial.




Gráfico 4. Número de artigos repartidos nos oito medios de comunicación analizados

Por último, ademais da análise dos artigos segundo sexan Violencias ou Accións para combatelas, na seguinte gráfica podemos observar os datos desagregados nas diferentes categorías xerais.

Tal e como explicamos, a mostra está categorizada segundo a información principal do artigo. Neste caso, na edición presente do informe decidiuse facer algún cambio nas categorías con respecto ás da terceira edición.

Por unha banda, elimínase a categoría de Violencia Estética debido á ausencia de novas con ese contido, que poden ser englobadas en violencia de xénero ou dentro da manosfera. Por outra banda, deixa de estar a categoría Efecto Johnny, que xa non ten sentido contabilizar, porque fai referencia a unha violencia dun caso mediático concreto que non se repetiu recentemente.

Deste xeito, as novas quedan distribuídas nas seguintes categorías xerais: Pornografía / Intelixencia Artificial (99), Ciberacoso (44), Violencia sexual (32), Manosfera (24), Muller e Presenza Pública (12), Activismo (13), Prevención (12) e Lexislación (2).

Nos datos que nos proporciona a seguinte gráfica, podemos observar a prevalencia dunha porcentaxe significativamente superior ao resto. As novas que falan de pornografía e violencias relacionadas coa intelixencia artificial acumulan o 41,6 % do total, seguidas en segunda posición polas novas da categoría de Ciberacoso (18,5 %) e, xa no terceiro posto, a Violencia Sexual, cun 13,4 % da totalidade da mostra.

A partir dos seguintes resultados destacamos algunhas ideas nas páxinas seguintes.




Gráfico 5. Datos do número de artigos repartidos nas categorías xerais establecidas na mostra

1

A pornografía e o uso de intelixencia artificial: o aumento da ciberviolencia a menores

Como podemos ver na gráfica anterior, a meirande parte dos artigos analizados pertencen ao grupo de pornografía e intelixencia artificial. Trátase do grupo máis abundante, con 99 artigos (41,6 % do total) que tratan desta temática.

Ademais, dentro deles, hai unha maior incidencia de pornografía infantil. Un problema que xa destacaba na pasada edición do informe e que mantén a tendencia á alza. A rede é un espazo de reprodución e difusión de contido sexual que supón unha violencia aínda maior contra nenos e nenas.

Por outra banda, ademais da violencia que supón a súa reprodución, os datos de consumo son alarmantes. Segundo os datos de *Save the Children*, que aparecen nun dos artigos analizados, 7 de cada 10 adolescentes consome pornografía e un 90 % dos homes entre 18 e 25 anos cre que o porno é fiel á sexualidade real. Estamos, polo tanto, ante o caldo de cultivo dunhas agresións sexuais a menores que aumentaron un 116 %.

2

Deepfakes e os perigos da intelixencia artificial

Por outra banda, o auxe de artigos sobre casos de violencias relacionados cos vídeos con contido falso (*deepfakes*) e contidos creados mediante intelixencia artificial detectados no pasado informe seguen a ser unha constante nos resultados deste **cuarto informe Stop Machitroles**.

Aínda que o número de artigos que tratan a violencia dixital relacionada coa intelixencia artificial é significativo, consideramos importante destacar que o resultado final da mostra foi sorprendentemente baixo, dada a relevancia social que esta temática ten na actualidade. Por exemplo, casos tan destacados como a masiva difusión de *deepfakes* de contido pornográfico de menores, ocorrida en Corea do Sur en setembro deste ano, non aparecen recollidos nos diarios analizados.

Outro exemplo pode ser esta información sobre o [Estudo de percepción do bullying na sociedade española](#), que ilustra esta problemática e que só aparece recollida no Atlántico Diario. De novo, os datos amosan unha realidade alarmante: [Os casos de ciberacoso medraron dun 10 a un 16 % en 2023 en España por mor da intelixencia artificial e dun mal uso desta para xerar «deepfakes»](#).⁷

Aínda que esta falta de cobertura se poida explicar polo carácter maioritariamente local dos xornais analizados, fronte á dimensión global destas noticias, resulta notable que non as recollan, cando menos a través de teletipos de axencia, como fan con moitas outras novas incluídas na mostra, incluso con artigos de menor relevancia social.

3 **OnlyFans como ferramenta de reprodución das violencias de xénero**

Por outra banda, englobados nesta categoría, moitos artigos apareceron mediante a busca da palabra clave «OnlyFans». O auxe desta plataforma dixital que promove o contido explicitamente sexual activa alarmas da reprodución de estereotipos e violencias de xénero e condutas misóxinas.

Trátase dun espazo que xera moita controversia e que consideramos importante destacar dado o volume de novas no que aparece. Moitas delas están incluídas na categoría de pornografía e intelixencia artificial e outras dentro de ciberacoso ou muller con presenza pública, segundo o contido específico da nova.

Unha cuestión que é importante destacar é que os discursos sobre esta rede social son diversos e non se limitan só a cuestionala. De feito, na mostra atopamos varios artigos xornalísticos que xustifican o seu uso de forma «aséptica». Especialmente, a través de declaracións de persoas e mulleres con presenza pública que falan positivamente desta plataforma, resaltando o seu alcance sen realizar un cuestionamento crítico sobre a súa existencia e a forma na que xera beneficios.

⁷ atlantico.net/articulo/sociedad/montajes-ia-provocan-incremento-ciberacoso/202311022201011006116.html

4 Falemos de lexislación

Con respecto á pornografía e ao uso de intelixencias artificiais, este 2024 destacou mediaticamente a cobertura do avance lexislativo do goberno para un maior control do acceso ao contido pornográfico, especialmente en relación coa protección de menores. Dos artigos categorizados como accións de lexislación (24), a maioría trata a proposta de control de acceso á pornografía promovida polo Goberno español, aínda que se presenta desde diversas perspectivas críticas en relación coa eficacia e a idoneidade desta acción legal.

No mesmo grupo cómpre salientar as novas relacionadas coa [prevención e acción lexislativa](#), coa nova lei de protección de menores. Esta lei prevé a creación de cambios no código penal como, por exemplo, as penas pola creación e difusión de imaxes ou audios de voz con IA de contido sexual ou «especialmente vexatorio».

5 Casos de acoso a mulleres públicas: menor incidencia ca nos anos anteriores

Tras a revisión das hemerotecas, pódese concluír que, ao longo de 2024, non se produciu ningún caso especialmente grave de acoso dixital a mulleres pola súa presenza pública. Nesta cuarta edición do informe, non se destaca ningunha cobertura mediática que sexa altamente controvertida ou que exercese violencia contra unha muller debido á súa visibilidade pública.

As novas que se inclúen na categoría Muller e Presenza Pública como Violencia son moito menores en número ca noutras categorías (12 artigos das 238 pezas totais). Nestes doce artigos, menciónase a violencia sexista ou o ciberacoso que sofren as mulleres públicas polo feito de seren mulleres, e aparecen casos como o de Taylor Swift ou o dalgunha deportista que sufriu unha campaña de acoso sexista durante a celebración das olimpíadas. Tamén se trata a cobertura do acoso ás deportistas de elite, cuestionadas polo seu aspecto físico, unha cuestión que podemos considerar practicamente inexistente na mostra analizada.

Outro exemplo incluído foi o caso da agresión sexual que sufriu unha reporteira galega durante unha retransmisión en directo, mencionado en varios dos diarios analizados. Trátase dunha violencia non dixital, pero retransmitida en canles mediáticas, cunha clara intención de abuso de poder por parte do agresor, que buscaba agredir e invalidar unha muller con presenza mediática e pública.

En xeral, conséntase unha diminución no volume de noticias dentro desta categoría. Os motivos poden ser diversos, pero, tendo en conta os datos oficiais sobre violencias, é máis plausible que se trate dunha falta de interese comunicativo sobre estas informacións ca dunha inexistencia de tales violencias cara a mulleres públicas.

6 Casos de violencia machista dixital: esfumados noutras categorías

Se observamos os datos xerais deste informe, vemos que as categorías de ciberacoso e violencia sexual suman un 31,9 % do total de novas da mostra (66 pezas xornalísticas). Aínda que representan un número importante, percibimos unha redución da cobertura mediática respecto a estas violencias.

Esta menor cantidade pode deberse a que a cobertura das ciberviolencias machistas quedan englobadas noutras categorías do informe –principalmente as relacionadas coa intelixencia artificial ou a mansfera–. Non obstante, tras a revisión dos datos, percibimos unha menor incidencia na cobertura mediática destas violencias.

Tamén cómpre ter en conta que estamos ante un traballo focalizado no contorno dixital e que a metodoloxía deste informe, coas pescudas sobre violencia machista nos medios de comunicación, lévannos a moitos máis resultados de violencias sexistas fóra do contorno dixital. É dicir, os medios de comunicación tratan en maior medida outras formas de violencia machista, que quedan excluídas da mostra analizada nestas gráficas.

7

Temos que falar da importancia da prevención

Os datos sobre ciberviolencias de xénero que achegan por organismos internacionais, estatais e os diferentes estudos deixan claro que estamos ante un problema global que atravesa a nosa sociedade e que ten un efecto aínda maior nas xeracións máis novas. Isto lévanos a reflexionar sobre a necesidade de aumentar o traballo de prevención sobre estas violencias e sobre o machismo estrutural que as sustenta.

Como se pode observar nos datos, dentro das novas clasificadas como accións para combater as ciberviolencias, a prevención é a subcategoría maioritaria, con 37 novas. Nesta categoría inclúense actividades como charlas, iniciativas tanto do goberno coma da sociedade civil, e entrevistas a figuras relevantes que proporcionan información sobre a prevención destas violencias, entre outras.

Aínda así, hai medios nos que estas novas son inexistentes e o volume de artigos anuais resulta insignificante na maioría dos diarios analizados. De feito, 31 dos 37 artigos incluídos nesta subcategoría están repartidos entre dous dos oito diarios –*Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*–. Isto lévanos a facer a seguinte pregunta: **non se están levando a cabo accións de prevención no eido local, educativo e social ou estas accións non se consideran feitos noticiables?**




Gráfico 6. Datos desagregados do número de artigos da subcategoría Prevención en cada medio de comunicación analizado

Conclusións

Tras o traballo exposto nestas páxinas, constatamos que a violencia machista é unha realidade na sociedade actual e que as plataformas dixitais supoñen un espazo para a reprodución dun maior número de violencias, fronte ás cales mulleres e nenas son máis vulnerables. A mostra mediática sêrvenos de abano para entender a forma na que a sociedade recibe a información sobre estas violencias e dela obtemos algunhas claves.

Este traballo de análise do estado da cuestión da ciberviolencia misóxina e a súa cobertura mediática lévanos ás seguintes conclusións:

- A violencia en liña cara a mulleres e nenas ten unha base estrutural misóxina e patriarcal.
- Continúa a falta de recoñecemento social das experiencias de violencia dixital que sofren as mulleres. A prevención e a posta da temática na axenda mediática segue a ser unha necesidade prioritaria.
- Recoñécese un auxe xeneralizado das violencias sexuais e dixitais cara a menores. Podemos observar como a pornografía infantil medra ante o aumento de plataformas dixitais e pasa a ser a categoría principal de novas recollidas.
- Na mostra analizada podemos detectar certa dificultade para diferenciar ciberviolencia ou ciberacoso por cuestións de xénero entre mulleres adultas e a sufrida en menores. Existe unha grande incidencia nos artigos de casos de violencias sexuais dixitais a menores, e gozan de moito peso nas conclusións deste informe, polo que consideramos importante reflexionar sobre esta violencia estrutural e como combater as potenciais violencias coas que están a medrar e normalizar as xeracións futuras.

- As violencias contra mulleres con presenza pública e provocadas pola manófera teñen moito menor peso no computo global da mostra analizada con respecto a informes anteriores. Consideramos que se está a producir unha invisibilidade mediática desta violencia estrutural.
- Podemos afirmar que hai propostas institucionais de protocolarizar e frear o ciberacoso, pero estas medidas van dirixidas especialmente cara ao uso de internet e das redes dos e das menores. Estas propostas son unha forma de reducir o risco de sufrir violencias dixitais –e machistas–. Porén, as medidas resultan insuficientes. Concluimos que fan falla máis recursos e ferramentas legais para tratar esta cuestión social.
- Existe certa invisibilidade desta temática nos medios, non hai unha liña de contidos clara e abundante como para considerar que forma parte da axenda mediática.
- As violencias dixitais por razóns de xénero existen e os datos oficiais son alarmantes; con todo, a súa representación como feitos noticiables non é proporcional.
- Os diarios de referencia no territorio galego teñen un maior peso na mostra de artigos analizados, seguidos do diario estatal El País. Non obstante, hai un gran salto en comparación co resto dos medios galegos. Isto lévanos a concluír que, dada a natureza transversal e diversa da temática analizada, a cobertura dos medios de comunicación, cuxo público obxectivo é máis limitado, resulta insuficiente.
- As prioridades editoriais varían segundo o tipo de medio de comunicación, polo tanto a axenda mediática e discursiva que reciben os galegos e galegas está condicionada.
- De feito, nos diarios máis locais a pescuda é moito máis limitada e as novas que aparecen polos termos de busca van máis relacionadas con outras violencias machistas, fóra da rede.

Algunhas recomendacións para loitar contra a ciberviolencia

A partir das pescudas e das análises obtidas neste informe, a continuación expónse unha proposta de eidos de melloras para reducir a ciberviolencia dixital e o seu tratamento mediático.

Formación en competencias dixitais con perspectiva de xénero

Ter unha base clave para pórilles unha barreira de contención a potenciais agresores. Coñecer a realidade é a base das violencias de xénero dende a infancia combinada coa importancia dun uso responsable das plataformas dixitais como clave para xeracións futuras.

Con respecto a este eido, supón un reto urxente ter unha sociedade educada e alerta ante estas violencias dixitais que lles afecta en maior medida ás mulleres e ás nenas. Recollemos aquí a proposta do [informe da Unesco](#),⁸ que propón unha combinación de medidas tanto por parte dos axentes desenvolvedores de ferramentas de intelixencia artificial xenerativa coma das empresas que proporcionan as plataformas. Tamén suxire accións da sociedade civil e a necesidade de regulación lexislativa por parte dos gobernos.

⁸ unesdoc.unesco.org/in/documentViewer.xhtml?v=2.1.196&id=p::usmarcdef_0000387483&file=/in/rest/annotationSVC/DownloadWatermarkedAttachment/attach_import_2ef6bfd-84e7-475e-a70e-c6e574f0645a?_%3D387483eng.pdf&locale=en&multi=true&ark=/ark:/48223/pf0000387483/PDF/387483eng.pdf

Reforzar a idea de tratar o traballo na loita contra a violencia machista dixital dende a perspectiva interseccional

Ao igual ca noutros eidos, garantir no traballo de prevención e de atención ás vítimas que se recoñezan as interseccións de xénero, clase, etnia, orientación sexual, idade etc.

Ademais, ampliar para futuras análises a intersección das orientacións sexuais e expresións de xénero nas ciberviolencias pode achegar resultados interesantes e visibilizar realidades que non son estanco, porque as mulleres están atravesadas por diferentes realidades e eixes de opresión, como expoñen dende as epistemoloxías feministas interseccionais.

Reiterar a importancia dos medios como axentes sociais: como falar das violencias e como axudar a previla

Os medios de comunicación son a canle, pero tamén son axentes activos na construción do relato e a ideoloxía, polo que se deben ter en conta para combater a reprodución destas violencias de xénero no eido dixital, partindo dende a base de como e canto se fala delas. Como diría Castejón (2018), hai que aproveitar os medios e as redes sociais, adaptar novos códigos para trasladar a mensaxe feminista.

A ciberviolencia machista e o ciberacoso deben considerarse asuntos noticiais e os medios de comunicación deben contar cun protocolo informativo para tratar esta temática, tal e como fan coas outras formas de violencia machista. É fundamental proporcionar formación en perspectiva feminista e construír un discurso coherente sobre estas cuestións.

Garantir que haxa unha colaboración real das entidades públicas e das privadas para traballar na prevención e eliminación da violencia dixital

